

RELATOS FEMINISTAS, EMILIA PARDO BAZÁN

Con intención de celebrar coas nosas lecturas o 25N, o 16 de decembro reunímonos co noso alumnado de 4º de ESO para comentar varios relatos feministas da autora galega Emilia Pardo Bazán.

Os nosos rapaces e as nosas rapazas sentíronse moi sorprendidos ao percatarse da modernidade do discurso de dona Emilia, que soubo denunciar con valentía as grandes diferenzas sociais entre homes e mulleres, o maltrato no matrimonio, a falta de oportunidades para as mulleres e o egoísmo masculino nunha sociedade patriarcal.



Resultou moi gratificante comprobar o nivel de concienciación tanto das alumnas como dos alumnos en temas tan controvertidos como a igualdade de xénero. Temos un bo camiño feito!!!